

Código do posto	Denominación	Forma prov.	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica	Complemento singularidade	Observacións
VP.C99.30.101.36001.034	TERAPEUTA OCUPACIONAL	C	II	20				B10 // B18
VP.C99.30.101.36001.035	TERAPEUTA OCUPACIONAL	C	II	20				B10 // B18

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS TITULACIÓNS ACADÉMICAS**

2001	ARQUITECTURA SUPERIOR
2022	LICENCIADO EN CIENCIAS ECONÓMICAS
2062	LICENCIADO EN DEREITO
3001	ARQUITECTURA TÉCNICA
3015	ARQUITECTURA SUPER. OU TÉCNICA

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS ESPECÍFICAS**

020	COÑECEMENTOS INFORMÁTICA NIVEL USUARIO.
641	PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE INICIACIÓN DE GALEGO (R.I.).

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

A11	ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.
AXG	ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA.

**CÓDIGO - DESCRICIÓN DOS COMPLEMENTOS SALARIAIS**

B10	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE.
B12	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE RESPONSABILIDADE.
B18	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

*Orde do 7 de xaneiro de 2009 pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 1 de marzo de 2009.*

O Decreto 1/2009, do 5 de xaneiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, establece no seu artigo 2, a convocatoria dos devanditos comicios para o vindeiro día 1 de marzo.

Por outra parte, a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, refírese no seu artigo 44 ás subvencións da Comunidade Autónoma para os gastos electorais, determinando no punto 4º: «As cantidades mencionadas nos puntos anteriores refrense a euros constantes. A Consellería de Economía e Facenda fixará as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes ao da convocatoria de eleccións».

Para o cálculo das cantidades previstas para o ano 2009 aplícase, ás contías fixadas na Orde do 26 de abril de 2005, o IPC acumulado desde xuño de 2005-marzo de 2009, que se prevé que será do 11,10%.

Na súa virtude,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-As cantidades a que se refire o artigo 44 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, unha vez actualizadas, serán as seguintes:

1. Subvención de dezanove mil catrocentos trece euros e sesenta e seis céntimos (19.413,66 euros), por cada escano obtido.

2. Subvención de setenta e dous céntimos (0,72 euros), por cada un dos votos acadados por cada candidatura, se polo menos un dos membros dela obtivo escano de deputado.

3. Ademais das subvencións ás cales se refiren os puntos anteriores, a Comunidade Autónoma subvencionará os partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores, polos gastos ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou propaganda e publicidade electoral, a razón de vinte céntimos de euro (0,20 euros) por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.

4. O límite dos gastos electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por cincuenta e oito céntimos de euro (0,58 céntimos) o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Non se incluírán dentro dos límites dos gastos electorais as cantidades subvencionadas de acordo co disposto no punto 3 anterior.

**Disposición derradeira**

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2009.

José Ramón Fernández Antonio  
Conselleiro de Economía e Facenda

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais e se convocan para o exercicio orzamentario 2009.*

A Consellería do Medio Rural publicou o 11 de xaneiro de 2008 a Orde do 28 de decembro de 2007

pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2008 axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais. Estas axudas convocáronse amparadas no Regulamento (CE) 1698/2005, relativo ás axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), así como na normativa comunitaria sobre axudas de estado. A experiencia adquirida na xestión destas axudas fai conveniente introducir algunhas modificacións que afectan o sistema de xestión e a tipoloxía e requisitos dos investimentos para seren subvencionables. Así mesmo, ante a proximidade do inicio do exercicio orzamentario 2009, procede realizar a convocatoria correspondente a ese ano.

Por último, tendo en conta derogación do Regulamento (CE) nº 70/2001, da Comisión, no cal se amparaban as axudas a investimentos polo Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008 (Regulamento xeral de exención por categorías), e de acordo coa disposición transitoria do artigo 44, resulta necesario efectuar as modificacións necesarias nas bases reguladoras para adaptalas aos requisitos desta norma comunitaria.

De conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e demais normativa concorrente,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é modificar a Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2008 axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais, e convocar as correspondentes ao exercicio orzamentario do ano 2009. A concesión das axudas efectuarase mediante concorrencia competitiva.

#### SECCIÓN PRIMEIRA

#### MODIFICACIÓN DA ORDE DO 28 DE DECEMBRO DE 2007

#### Artigo 2º

Introdúcense as seguintes modificacións na Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2008 axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais:

Primeira.-Modificación do artigo 2º, engadindo o punto 3, que queda como segue:

3) Os investimentos produtivos referidos no punto 1) ampáranse no previsto no capítulo II sección 2/1 do Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado, publicado no DOUE L 214, do 9 de agosto.

Os investimentos en plans e ferramentas de xestión empresarial referidos no punto 2) ampáranse no previsto na sección 5, capítulo 2 do Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado, publicado no DOUE L 214, do 9 de agosto.

Segunda.-Modificación do artigo 3º, punto 1, que queda como segue:

1) Ser microempresas ou Pemes (pequenas e medianas empresas) do sector forestal radicadas en Galicia, mancomunidades de montes ou comunidades de montes veciñais en man común. Tomarase a definición de microempresa ou PEME incluída no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008. Segundo esta definición, Pemes son aquelas empresas que ocupan menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede 43 millóns de euros, pequenas empresas son aquelas empresas que ocupan menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros e microempresas son aquelas empresas que ocupan menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

Terceira.-Modificación do artigo 3º, que engade o punto 5.

5) Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise, de acordo coa definición do art. 1, apartado 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008.

Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Cuarta.-Modificación do artigo 5º, que queda como segue:

Os investimentos en bens de equipamento, recollidos no artigo 2º.1, terán unha subvención básica dun 35%, que poderá incrementarse ata o 50% no caso de microempresas e pequenas empresas e ata o 40% no caso de medianas empresas, segundo os criterios indicados no anexo II.

Os investimentos en plans e ferramentas de xestión empresarial recollidos no artigo 2º.2 subvencionaranse cunha axuda dun 50% no caso de microempresas e pequenas empresas e cunha axuda do 40% no caso de medianas empresas.

Quinta.-Modificación do artigo 6º, letra B), da orde do 28 de decembro de 2007, que queda redactado como segue:

Cada investimento será puntuado, dentro de cada prioridade, de acordo co baremo que se indica. A

puntuación resultante será a suma da aplicación dos baremos indicados nos puntos B.1 e B.2.

### B.1. Segundo o obxecto de investimento.

	Baremo
Equipamentos informáticos	200
Investimentos en bens de equipamento de empresas de aproveitamento de produtos silvícolas non madeiros	200
Equipamentos completos e implementos que permitan un aproveitamento comercial da biomasa forestal, esteladoras, fendedoras de leña, empacadoras, colleitadoras ou procesadoras de biomasa	200
Maquinaria de 1ª transformación e instalacións en serradoiros	200
Investimentos en obra civil realizados con madeira en serradoiros	120
Obra civil en serradoiros	80
Equipamentos de seguranza	190
Instrumentos de medición de masas forestais	110
Equipamentos tractocargadores completos	110
Apeiros que permitan un primeiro tratamento no monte dos produtos forestais madeiros: rozadoras, peladoras móbiles, serras móbiles e outras	100
Autocargadores, arrastradores, outros equipamentos de corta e/ou saca de madeira e implementos forestais de maquinaria de desemboque	80
Procesadoras forestais	60
Implementos forestais (góndolas, plataformas, guindastres) de transporte por estrada	10

### B.2. Segundo as características da empresa.

	Baremo
Por cada punto porcentual de incremento de axuda, segundo o anexo II (máx. 150)	10
Por cada unidade resultante da aplicación da seguinte fórmula: $[(V+T)/I] - 1$ V: importe de vendas da empresa, I: suma dos investimentos solicitados; T: importe de contratos de saca (máx. 60)	10
Empresas de comercialización conxunta (dun mínimo de 3 empresarios do sector con actividade nos últimos 3 anos), mancomunidades de montes, comunidades de montes veciñais en man común.	100
Serradoiros con plan de actuación integral plurianual	100
Xerentes de idade inferior, na data de publicación desta orde, a 55 anos ou descendentes en activo na empresa	50
Empresas con mulleres xerentes, na data de publicación desta orde	20
Empresas situadas en concellos desfavorecidos (anexo III)	30

Sexta.-Modificación do artigo 10º, punto 2, da Orde do 28 de decembro de 2007, que queda como segue:

2) Para a percepción dos pagamentos, sexan parciais ou totais, deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Solicitud de cobramento da subvención.

b) Xustificación dos investimentos realizados mediante:

-Relación ordenada dos investimentos e os pagamentos efectuados (anexo IX).

-Copias cotexadas das facturas orixinais, así como copias cotexadas dos documentos bancarios de pagamento.

Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.), achegarase a factura xunto coa copia do efecto mer-

cantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación.

Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, non supere os 3.000 €; neste caso o pagamento xustificárase mediante certificación expresa, asinada, datada e cuñada polo proveedor, en que se faga constar a recepción do importe facturado e o medio de pagamento empregado, así como o compromiso do proveedor de someterse ás actuacións de control e comprobación na súa contabilidade da realidade do pagamento. Esta certificación acompañará a factura preceptiva.

Para gastos que non superen os 300 € admitirase como xustificante de pagamento a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión recíbil en metálico.

e) Certificado bancario de conta corrente.

d) Declaración do beneficiario sobre axudas solicitadas, concedidas e/ou obtidas para os mesmos investimentos, segundo o anexo V.

e) No último pagamento presentarase os seguintes documentos:

e.1. Memoria (anexo VIII), indicando as actuacións executadas, as medidas correctoras implantadas e a importancia das mesmas na actividade futura da empresa.

e.2. Actualización da ficha cos datos da empresa, segundo o anexo VII da orde.

e.3. Xustificantes das accións contempladas no anexo II que se presentaron para incrementar a porcentaxe de axuda.

e.4. Informe oficial da Seguridade Social de vida laboral da empresa desde o inicio do ano en que se solicitou a axuda ata a data de xustificación final dos investimentos, coa relación de traballadores e as datas de alta e baixa, ou certificado de non ter traballadores, se é o caso. Presentarase para os réximes xeral e agrario.

e.5. Últimos recibos dos autónomos da empresa anteriores á xustificación do cobramento.

f) Específicas dos investimentos obxecto de subvención:

f.1. Plans e ferramentas de xestión empresarial: para o pagamento final presentarase informe de seguimento do plan con detalle das accións correctoras.

f.2. Maquinaria móbil: Certificado de homologación (ou, no caso de vehículos de rodas, ficha técnica e permiso de circulación) do conxunto máquina base -modificacións- apeiros instalados e seguro do vehículo ou de responsabilidade civil da empresa con indicación expresa do vehículo. Ademais, deberá presentarse a mesma documentación dos equipamentos do mesmo tipo subvencionados anteriormente ou dos que os substituíron.

f.3. Vehículos e implementos de transporte de madeira por estrada: documentación indicada no punto anterior, tanto dos bens obxecto de subvención como dos equipamentos de saca que condicionan a súa subvención.

f.4. Obra civil, instalacións e bens de equipamento en serradoiros e instalacións doutros produtos forestais non alimentarios: planos de planta e de distribución da maquinaria (só no caso de que haxa variacións con respecto ao reflectido nos planos presentados na solicitude de subvención), certificado de fabricación con indicación da data, número de bastidor e homologación e certificado de conformidade coa normativa ambiental e de seguranza industrial vixente das instalacións/modificacións realizadas. No caso de obra civil e novas instalacións, deberán presentar a licenza municipal e a de obra se non foron presentados na solicitude de subvención.

Sétima.-Modificación de todos os anexos da Orde do 28 de decembro de 2007. Os anexos modificados son os que figuran nos anexos desta orde.

SECCIÓN SEGUNDA  
CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O 2009

Artigo 3º.-*Convocatoria.*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2009 as axudas reguladas pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 8, do 11 de xaneiro de 2008) pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2008 axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais, coas modificacións introducidas no artigo segundo desta orde.

Artigo 4º.-*Condicións e finalidade.*

1. Para poder acceder a estas axudas para os investimentos, deberánse cumprir os requisitos establecidos na Orde do 28 de decembro de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2008 axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais, coas modificacións introducidas no artigo segundo desta orde.

2. Estas axudas teñen por finalidade incentivar os investimentos para a creación, ampliación e modernización das empresas de comercialización e transformación de produtos forestais, contribuíndo deste modo á promoción do desenvolvemento rural galego.

Artigo 5º.-*Solicitudes.*

As solicitudes, documentación, procedemento de xestión e xustificación das axudas serán os establecidos con carácter xeral na Orde do 28 de decembro de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2008 axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais, coas modificacións introducidas no artigo segundo desta orde.

Artigo 6º.-*Prazo.*

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria será de 40 días hábiles, contados des-

de o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-*Prazo de xustificación.*

O prazo de xustificación finalizará o 30 de outubro de 2009 e o 31 de maio de 2010, segundo a anualidade que corresponda. Poderanse conceder prórrogas de cada anualidade, de acordo co artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, logo de solicitude razoada realizada con unha anticipación superior a dous meses antes do final do prazo de xustificación.

Artigo 8º.-*Financiamento.*

As axudas concedidas financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Microempresas: aplicación orzamentaria 11.06.713B.770.0, código de proxecto 2007/00/464, con 2.240.627 € para o ano 2009 e 2.000.000 € para o ano 2010.

Pemes: aplicación orzamentaria 11.06.713B.770.0, código de proxecto 2008/00/394, con 804.984,76 € para o ano 2009 e 1.500.000 € para o ano 2010.

Este orzamento pode verse incrementado con remanentes adicionais de acordo doas disponibilidades de crédito. En todo caso as concesións limitaranse ás disponibilidades orzamentarias.

Esta orde tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativas á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro 2009, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e en trámite parlamentario actualmente.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes e Industrias Forestais para ditar cantas disposicións complementarias coide oportunas para a aplicación e execución desta orde.

Segunda.- As referencias feitas na orde ao Regulamento (CE) nº 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas, deberán entenderse feitas ao Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado, publicado no DOUE L 214, do 9 de agosto (Regulamento Xeral de exención por categorías).

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

UNIÓN  
EUROPEA  
FEADER



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA A CREACIÓN E MELLORA DE EMPRESAS DE COMERCIALIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR606A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**EXPÓN:**

Que á vista da convocatoria de subvencións da orde do \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais e se convocan para o exercicio orzamentario 2009.

**SOLICITA:**

A concesión dunha subvención a fondo perdido segundo os termos sinalados na citada orde para os seguintes investimentos:

- Investimentos en obra civil, instalacións e maquinaria

Contía dos investimentos

- Plans e ferramentas de xestión empresarial

A EMPRESA SOLICITANTE É (marcar o que proceda):  MICROEMPRESA  PEME

Comprométome a presentar a documentación indicada no artigo 7.

**DATOS DO SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		CONCELLO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			DNI
<input type="text"/>			<input type="text"/>
E NA SÚA REPRESENTACIÓN DON/DONA:			
<input type="text"/>			

**SOLICITA:** (indicar si ou non)  SI  NON

A comprobación de non-inicio dos investimentos en obra civil e instalacións, para o cal se achegan os oportunos bosquexos ou planos de situación das edificacións e das instalacións.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 28 de decembro de 2007, pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2008 axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais.*  
*Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais e se convocan para o exercicio orzamentario 2009.*

Declaro que son certos os datos arriba reflectidos

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Conseillero do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	
REVISADO E CONFORME	

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

DATA DE EFECTOS

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

DATA DE SAÍDA

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_



## ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DA CONDICIÓ DE  MICROEMPRESA  PEME (marcar o que proceda)

Don/Dona , en calidade de , en nome e representación da empresa , con CIF nº  e enderezo para os efectos de notificación en ,

**CERTIFICO**

a) Que a empresa que represento foi constituída con data do , e inscrita no Rexistro Mercantil de , folia , folio , sección , libro

b) Que na data de peche do último exercicio:

- Ocupou  persoas (incluídos os autónomos que traballen na empresa)
- O seu volume de negocios foi de  euros (impostos excluídos)
- O importe do balance xeral anual, activo total, foi de  euros

c) Que o órgano de administración da empresa está composto polas persoas e co cargo que se relacionan a seguir:

NOME	CARGO OU REPRESENTACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

d) 1) Que o detalle de partícipes na empresa nunha porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a seguir:

NOME OU RAZÓN SOCIAL	% DE PARTICIPACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ou, de ser o caso,

2) Que non existen accionistas con participación en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto.

e) 1) Que o detalle de participacións da empresa noutras sociedades en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a seguir:

NOME OU RAZÓN SOCIAL	% DE PARTICIPACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ou, de ser o caso,

2) Que a empresa non mantén participacións en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas.

f) As sociedades que participan e/ou participadas pola empresa solicitante en porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto deberán emitir certificado axustado a este modelo sobre as alíneas b), d) e e).

Os socios que participan na empresa solicitante en porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto e participan ao mesmo tempo noutra empresa do sector forestal nun 25% ou máis, deberán presentar certificado axustado a este modelo das outras empresas.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O

(o que proceda segundo o seu cargo ou representación)

Asdo.:

ANEXO V

**DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO INVESTIMENTO**

CÓDIGO EXPEDIENTE

Don/Dona , como representante legal da empresa

**DECLARO**

Que para os investimentos para os cales se solicita subvención ao abeiro da Orde do \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais e se convocan para o exercicio orzamentario 2009, orzados en  euros, tense solicitado, ou previsto solicitar, outras axudas ao abeiro das seguintes liñas de axuda:

OBXECTO INVESTIMENTO	IMPORTE INVESTIMENTO	LIÑA AXUDAS	ORGANISMO XESTOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Declaro, así mesmo, coñecer a compatibilidade desta liña de axudas con outras con fondos non comunitarios ata un máximo do 45% do custo do investimento.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura



## ANEXO VI

## MEMORIA DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR

## 1.- DESCRICIÓN DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR

## 1.1: Activos fixos produtivos (artigo 2º.1):

TIPO	DESCRICIÓN: marca, modelo, potencia, capacidade produtiva, m <sup>2</sup> , características específicas	IMPORTE

## 1.2: Plans e ferramentas de xestión empresarial (artigo 2º.2):

TIPO	DESCRICIÓN	IMPORTE

## 2.- XUSTIFICACIÓN DO ORZAMENTO:

Presentarase contrato, factura *pro forma* ou similar (de TRES provedores distintos para cada investimento superior a 12.000 euros ou a 30.000 euros no caso de obra civil) con indicación do prazo de entrega.

No caso de optar por unha alternativa menos económica, presentarase memoria xustificativa.

## 3.- ARGUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA CONVENIENCIA DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR.

Para cada un dos investimentos previstos, explicar obxectivos e incidencia esperada dos investimentos sobre algún dos seguintes aspectos:

- |                             |                         |                                   |
|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------------|
| a- Custos de produción,     | b- Calidade do produto, | c- Capacidade de produción,       |
| d- Seguranza laboral,       | e- Mellora do servizo,  | f- Impacto ambiental,             |
| g- Fidelización do mercado, | h- Xestión empresarial, | i- Melloras na toma de decisións. |

## 4.- DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE DA EMPRESA.

Presentar unha memoria descritiva e detallada que inclúa os seguintes datos:

- As actividades da empresa
- Área habitual de traballo e forma de abastecemento
- Forma de venda e canles de comercialización
- Tipo de produtos comercializados.

## 5.- PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E PAGAMENTO

Indicar os seguintes datos de referencia para a distribución das anualidades da axuda:

DATA	DESCRICIÓN DOS INVESTIMENTOS PREVISTOS	IMPORTE INVEST.	PAGAMENTOS PREVISTOS
30-10-2009			
31-5-2010			

## 6.-XUSTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS QUE INCREMENTAN A AXUDA

Presentar documentos xustificativos das accións recollidas no anexo II. A xustificación inadecuada non se computará para os efectos de incrementar a axuda. Indíquense na columna da dereita os xustificantes presentados.

- Cursos de formación específica da actividade forestal (máximo 2)	1%	
- Contrato de prevención de riscos laborais	1%	
- Contrato de externalización das garantías dos traballadores	1%	
- Seguro de responsabilidade civil para a actividade obxecto de subvención	1%	
- Pertenza a asociación profesional do sector	2%	
- Contrato con xestor autorizado de residuos industriais	3%	
- Investimentos para produtos silvícolas non madeireiros	4%	
- Serradoiros con instalacións e maquinaria adaptadas á normativa de seguranza industrial	3%	
- Plan de adaptación da empresa á cadea de custodia (Se está certificada ou en proceso incrementarase nun 1% adicional)	3%	
- Plan de control da calidade e/ou mellora da xestión empresarial (Se está en certificado por auditor autorizado ou en proceso incrementarase nun 1% adicional)	1%	
- Mancomunidades de montes, comunidades de montes veciñais ou empresas de comercialización conxunta	5%	
- Serradoiros con plan de actuacións plurianual	5%	

7.- SUBVENCIONS RECIBIDAS ANTERIORMENTE

(Indíquense os expedientes de axuda e investimentos subvencionados para a actividade forestal).

Nº EXPTE.	DESCRICIÓN OBXECTO SUBVENCIÓN	IMPORTE INVESTIMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN

Declaro coñecer a obriga de manter os investimentos subvencionados un mínimo de CINCO anos e a imposibilidade de financiar con fondos públicos a súa substitución.

8.- XUSTIFICACIÓN DA VIABILIDADE DA EMPRESA E DO INVESTIMENTO.

A viabilidade da empresa e do investimento é unha condición necesaria para a consideración como subvencionable. Valorarase a superación de, cando menos, un dos seguintes indicadores.

Para a xustificación da viabilidade presentarase copia dos documentos xustificativos.

INDICADOR	VALOR	OBS
Crédito bancario		1
Vendas		2
Amortizacións + Beneficios		3
Contratos		4
Estudo viabilidade		5

1- Disponibilidade de crédito bancario para o investimento, dun mínimo do 70% do importe deste.

2- Vendas (V) por importe superior ao triplo do investimento (I): (V>3I).

3- Amortizacións (A) máis beneficios (B) superior á sexta parte dos investimentos (I): (A+B>I/6)

4- Contratos (T) de venda ou prestación de servizos por importe superior ao investimento (I): (T>I)

5- Estudo viabilidade asinado por profesional cualificado

9.- DECLARACIÓN DE NON SER UNHA EMPRESA EN CRISE

Don/Dona , como representante legal da empresa

DECLARO que a dita empresa non está en crise de acordo coa definición establecida nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (DO C 244 do 1-10-2004, p. 2)

10.- DECLARACIÓN DE EMPREGADOS

Don/Dona , como representante legal da empresa

DECLARO que a distribución de traballadores na empresa é tal como se reflicte no cadro inferior.

ACTUALMENTE			AO FINAL DO INVESTIMENTO (PREVISIÓN)		
Autónomos	Fixos	Temporais	Autónomos	Fixos	Temporais

Se a subvención supera os 60.102 euros, comprométo-me a manter a porcentaxe mínima do 33% de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido (35% no caso de empresas con 10 ou máis traballadores).

Declaro que todos os datos que figuran nesta memoria son certos, e comprométo-me a presentar a documentación que sexa necesaria para a súa comprobación.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

## ANEXO VII

## DATOS XERAIS\*

DATOS DA EMPRESA <sup>1</sup>

NOME		NIF	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO		CONCELLO	
[ ]		[ ]	
CÓDIGO POSTAL	Nº ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS	CAPITAL SOCIAL	VOL. NEGOCIO
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
BALANCE ANUAL			
[ ]			

## DATOS DO ESTABLECEMENTO INDUSTRIAL

NOME		PÁX. WEB	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO		CONCELLO	
[ ]		[ ]	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
CORREO ELECTRÓNICO			
[ ]			
REPRESENTANTE LEGAL		CARGO	
[ ]		[ ]	
RÉXIME DE PROPIEDAD		ANO DE INICIO DA FÁBRICA	Nº DCE
<input type="checkbox"/> PROPIO <input type="checkbox"/> ARRENDADO		[ ]	[ ]
		Nº REGISTRO ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS	
		[ ]	

PERSONAL <sup>2</sup>	FIXO	EVENTUAL	AUTÓNOMO
DIRECTIVOS	[ ]	[ ]	[ ]
ADMINISTRAT.	[ ]	[ ]	[ ]
OP. FÁBRICA	[ ]	[ ]	[ ]
OP. EXPLOTAC.	[ ]	[ ]	[ ]
OP. TRANSPORTE	[ ]	[ ]	[ ]
COMERCIAIS	[ ]	[ ]	[ ]
<b>TOTAL</b>	[ ]	[ ]	[ ]

ACTIVIDADES DA EMPRESA	PRODUCCIÓN MÁXIMA DIARIA <sup>3</sup>	
EXPLOTACIÓN FORESTAL	[ ]	T/DÍA
SERRADO DE MADEIRA	[ ]	m <sup>3</sup> /DÍA
FABRICACIÓN DE TARIMAS, FRISOS E PARQUÉS	[ ]	m <sup>3</sup> /DÍA
OUTROS (INDICAR)	[ ]	[ ]

HORAS DE TRABAJO		(h/día)
VERÁN	FÁBRICA	[ ]
	EXPLOTACIÓN FORESTAL	[ ]
INVERNO	FÁBRICA	[ ]
	EXPLOTACIÓN FORESTAL	[ ]
Nº DÍAS/ANO		[ ]

PARCELAS E EDIFICIÓNS <sup>4</sup>	
SUPERFICIE TOTAL PARCELAS (m <sup>2</sup> ) <sup>5</sup>	[ ]
SUPERFICIE TOTAL CUBERTA (m <sup>2</sup> )	[ ]
FABRICACIÓN	[ ]
ALMACÉN MATERIA PRIMA	[ ]
ALMACÉN PRODUCTOS	[ ]
PENDELLOS E SERVIZOS	[ ]
OFICINAS	[ ]
SECADOIROS	[ ]
OUTROS	[ ]

CONSUMO ANUAL DE ENERXÍA <sup>6</sup>	
ELÉCTRICA (kwh)	[ ]
FUEL ÓLEO E GASOLINA (l)	[ ]
GAS (m <sup>3</sup> )	[ ]
RESIDUOS FORESTAIS (m <sup>3</sup> )	[ ]

SECADOIROS DE MADEIRA	
CAPACIDADE NOMINAL DE SECADO	[ ]
Nº DE SECADOIROS	[ ]
FONTES TÉRMICA <sup>7</sup>	[ ]
CAPACIDADE CALORÍFICA INSTALADA	[ ]

POTENCIA INSTALADA	
POTENCIA ELÉCTRICA CONTRATADA (kw)	[ ]
XERADORES ELÉCTRICOS (kw)	[ ]
XERADORES DE VAPOR (kcal/h)	[ ]

\* INSTRUCCIÓN Debense cubrir tantos formularios como establecementos industriais teña a empresa

<sup>1</sup> Todos os datos se refíren ao último exercicio

<sup>2</sup> Indíquese a media ao longo do ano

<sup>3</sup> Indicar a capacidade máxima de produción diaria da empresa en cada unha das actividades que realice

<sup>4</sup> Xuntar plano de situación, plano de terreo e edificacións e planos ou bosquexo de planta e situación da maquinaria

<sup>5</sup> Superficie total do terreo da industria

<sup>6</sup> Suxírese contrastar os datos coas facturas dos provedores

<sup>7</sup> Caldeira de gasóleo, caldeira de residuos, coxeración, bomba de calor, etc.

**CONSUMO ANUAL DE MATERIAS PRIMAS \***

EMPRESA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>
ACTIVIDADE (8) <input type="text"/>	

<i>TIPO</i> <sup>9</sup>	<i>ESPECIE</i> <sup>10</sup>	<i>LUGAR DE COMPRA</i> <sup>11</sup>	<i>CANTIDADE (m<sup>3</sup>)</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

\* INSTRUCCIÓN (materias primas: indíquense as compras de produtos forestais)  
 8 Explotación forestal, serradura e 2ª transformación. Utilizar unha folia para cada unha das actividades  
 9 Árbore en pé, rolla, puntal, táboa/taboleiro, outros (indicar)  
 10 Piñeiro, eucalipto, frondosas e madeiras de importación  
 11 No monte, en cargadoiro, en fábrica, outros (indicar)

## PRODUTOS ELABORADOS ANUALMENTE \*

EMPRESA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>
ACTIVIDADE (12) <input type="text"/>	

PRODUTO <sup>13</sup>	CLASIFICACIÓN COMERCIAL <sup>14</sup>	ESPECIE <sup>15</sup>	CANTIDADE (m <sup>3</sup> )
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

\* INSTRUCCIÓN (indicar os produtos que se facturan)  
Utilice cantas follas do formulario precise

<sup>12</sup> Explotación forestal, serradura e 2 transformación. Utilizar unha folla para cada unha das distintas actividades

<sup>13</sup> Produto que vende a empresa. Indicar se é rolla, puntal, táboa/taboleiro, taboña, cadrillo, serradura, estelas, tarimas, frisos, etc.

<sup>14</sup> Indíquese a clasificación empregada pola empresa, limpa, semilimpa, corrente (palés, esqueletaxe), encofraxe, etc.

<sup>15</sup> Piñeiro, eucalipto, frondosas, madeiras de importación. Se se fai un produto con distintas especies, por cada unha por separado.

MAQUINARIA E INSTALACIÓN S PRODUCTIVAS \*

EMPRESA	CONCELLO
ACTIVIDADE (6)	

CLASE DE LIÑA <sup>17</sup>	DESCRIPCIÓN DA LIÑA <sup>18</sup>	POSTOS TRÁBALLO <sup>19</sup>	ANO <sup>20</sup>	AUTOMATISMO <sup>21</sup>	
				ALIMENT.	EVACUAC.
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

\* INSTRUCCIÓN S Se é preciso, utilícase máis dunha foll a para cubrir esta epígrafe

16 Explotación forestal, serradura e 2ª transformación. Por as distintas actividades en follas distintas

17 Desagregación: encasca, grupo(s) de cabeza, unidade de reserradura, retestado, afadura, secado, antiazulado, clasificación, encastelado, desamoreamento, empaquetado, liñas de 2ª transformación, etc.

18 Descrición dos distintos compoñentes da liña, principalmente da máquina principal. Indicar marca e modelo, potencia, dimensións e principais características técnicas

19 Postos de traballo empregados na liña produtiva. Se un mesmo traballador traballa simultaneamente en varias liñas, indicárase a fracción de tempo

20 Ano de fabricación da máquina principal da liña

21 Por un X cando o operario non precisa coller a madeira coas mans, ben na alimentación, ben na evacuación, en cada liña

**TRANSPORTE INTERNO, EXTERNO E MAQUINARIA DE EXPLOTACIÓN FORESTAL.\***

<small>EMPRESA</small>	<small>CONCELLO</small>
------------------------	-------------------------

<i>TIPO MÁQUINA <sup>22</sup></i>	<i>DESCRIPCIÓN, MARCA, POTENCIA <sup>23</sup></i>	<i>AÑO FABRICACIÓN</i>	<i>Nº BASTIDOR</i>	<i>MATRÍCULA</i>

D. \_\_\_\_\_, como representante legal da empresa \_\_\_\_\_

declaro que todos os datos que figuran nas distintas follas deste anexo son certos e comprométo-me a presentar a documentación que se considere necesaria para a súa comprobación.

Data e sinatura

\* **INSTRUCCIÓN** Se é preciso, utilícese máis dunha folla para cubrir esta epígrafe

<sup>22</sup> Indicar que tipo de máquina é: carexa elevadora, pa cargadora, tractor, guindaestre sobre tractor, remolque de tractor, autocargador, arastrador, camión, cabeza tractora de plataforma, semiremolque plataforma, procesadora, rozadora, etc.

<sup>23</sup> Descrición técnica, indicando as modificacións feitas ou os elementos auxiliares incorporados (cabrestante, coítelea bulldozer, etc.), así como a marca, modelo e a potencia.

ANEXO VIII

MEMORIA DOS INVESTIMENTOS REALIZADOS

1.- EXPLICACIÓN DAS DIFERENZAS ENTRE OS TRABALLOS PREVISTOS E OS REALIZADOS:

Indíquense as diferenzas entre os investimentos aprobados e os xustificados (custo e datos técnicos de capacidade)

APROBADO		EXECUTADO		
OBXECTO	IMPORTE	OBXECTO	IMPORTE	Obs.
TOTAL		TOTAL		

  

Obs.	EXPLICACIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS DIFERENZAS

2.- OBXECTIVOS ACADADOS COS INVESTIMENTOS

Explicar os obxectivos acadados nalgún dos seguintes conceptos:

- a- Custos de produción
- b- Calidade do produto
- c- Capacidade de produción
- d- Seguraza laboral
- e- Mellora do servizo
- f- Impacto ambiental
- g- Fidelización do mercado
- h- Xestión empresarial
- i- Melloras na toma de decisións

3.- XUSTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS QUE INCREMENTAN A AXUDA

Indicar cun X as accións de incremento de axuda presentadas na solicitude de subvención (ou compromisos) e as que se xustifican na solicitude de cobramento, así como as observacións que se crean oportunas ao respecto

ACCIÓN INCREMENTO	%	Valorada na solicitude de subvención	Xustificada na solicitude de cobramento	OBSERVACIÓNS
Cursos de formación específica da actividade forestal (máximo dous)	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Contrato de prevención de riscos laborais	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Contrato de externalización das garantías dos traballadores	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Seguro de responsabilidade civil para a actividade obxecto de subvención	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Pertenza a asociación profesional do sector	2	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Contrato con xestor autorizado de residuos industriais	3	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Comercialización e acondicionamento de produtos silvícolas non madeireiros	4	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Serradoiros con instalacións e maquinaria adaptadas á normativa de seguraza industrial	3	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Plan de adaptación da empresa á cadea de custodia (Se está certificado por auditor autorizado incrementase nun 1% adicional)	3	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Plan de control da calidade e/ou mellora da xestión empresarial (Se está certificado por auditor autorizado incrementase nun 1% adicional)	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Mancomunidades de montes, comunidades de montes veciñais ou empresas de comercialización conxunta	5	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Serradoiros con plan de actuacións	5	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	



## 4.- DECLARACIÓN DE EMPREGADOS

Don/Dona , como representante legal da empresa

DECLARO que a distribución de traballadores na empresa é tal como se reflicte no cadro inferior.

Antes do investimento			Actualmente		
Autónomos	Fixos	Temporais	Autónomos	Fixos	Temporais
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

En relación ao emprego creado, declaro que a distribución por sexo e idades é a seguinte:

Homes		Mulleres	
< 25 anos	≥ 25 anos	< 25 anos	≥ 25 anos
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Se a subvención supera os 60.102 euros, comprométome a manter a porcentaxe mínima do 33% de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido (35% no caso de empresas con 10 ou máis traballadores).

Declaro que todos os datos que figuran nesta memoria son certos, e comprométome a presentar a documentación que sexa necesaria para a súa comprobación.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura:

ANEXO IX

**LISTA DE XUSTIFICANTES DO INVESTIMENTO**

BENEFICIARIO		EXPEDIENTE Nº	
DATA INICIO INVESTIMENTO	DATA FINAL INVESTIMENTO	CÓDIGO DOS DOCUMENTOS DE PAGAMENTO	
		1.- CHEQUE 2.- TRANSFERENCIA BANCARIA 3.- METÁLICO 4.- LETRA DE CAMBIO 5.- OUTROS PARA INDICAR	
XUSTIFICACIÓN		<input type="checkbox"/> FINAL	<input type="checkbox"/> PARCIAL

OBJECTO INVESTIMENTO	TRABALLOS SUBVENCIONABLES					XUSTIFICACIÓN						PAGAMENTOS EFECTUADOS			
	CUSTOS PREVISTOS	Nº FACTURA	DATA	EMITIDO POR	OBJECTO DO GASTO	IMPORTE SEN IVE	DOCUMENTO CÓDIGO E nº*	DATA	IMPORTE CON IMPOSTO INCLUIDO	IVE RECUPERABLE	IMPORTE SEN IVE				
SUBTOTAL															
SUBTOTAL															
SUBTOTAL															
TOTAL															

, de de  
 Sinatura do beneficiario (ou do seu representante legal)